

A UN POETA DA RÚA

Onde todo remata abre as ás.

Blanca Varela

Para escribir hai que colocar o pensamento nun camiño non moi lonxe do corazón, sen esquivar as pedras que rodan polo chan, pois todas levan dentro algo de luz.

Camiñar baixo un ceo que vai superpoñendo noites e días, días e noites sobre un mar insubornábel onde se recolle o fulgor da onda que nos viu nacer.

Vagar polas rúas dunha cidade que xa non nos recoñece, coa entrega absoluta dun neno que abre os ollos ao mundo por primeira vez e se atopa cos innomeábeis golpes da ignominia a querer esfolalo para que sinta en carne viva a friaxe dun baleiro existencial.

Nese momento final, entre a follaxe da noite, sentirá un confuso renacer. Do lombo da soidade resurxirán novas ás, e descubrirá abraiado que, entre pedras, cinza e nubes negras, aínda é posíbel voar.